

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-10

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte texto sobre os galegos no mundo. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

MAPA DE GALEGOS NO MUNDO

Segundo os datos oficiais, hai 322.000 galegos censados en países dos cinco continentes, pero sabemos que hai moitos máis que traballan e viven fóra de Galicia. Entre 1860 e 1936 é cando se produce o maior número de emigracións cara a Cuba, A Arxentina e O Brasil. Calcúlase que nesta época máis de medio millón de persoas deixaron Galicia. Xa na década dos cincuenta hai emigracións cara á Arxentina, Venezuela e países de Centroeuropa como O Reino Unido, Alemaña, Suíza, Francia, Os Países Baixos e Bélxica, así como tamén cara a zonas industriais de España como Cataluña, País Vasco e Madrid.



Queremos que cada galego que anda polo mundo teña o seu sitio neste mapa, que se ampliará segundo cheguen máis usuarios.

Para formar parte do mapa de galegos no mundo só tes que enviar a información que queiras que apareza na ficha persoal da webvoz@lavoz.es (quen es, onde estás, cantos anos tes, de que lugar de Galicia procedes, onde vives, por que marchaches de Galicia, se pensas volver, que é o que máis botas de menos...).

Tamén podes mandar a información que queiras compartir cos demais: a túa foto, o teu blog ou a túa páxina nalgunha rede social.

Hai casos curiosos de xente que se encontrou despois de moitos anos. Miguel tiña un amigo, Filipe, e non sabía nada del desde que este emigrara ao Brasil. Co tempo, Miguel tamén emigrou a Venezuela e nunca máis souberon un do outro. Agora, grazas ao mapa de galegos no mundo, os seus netos conseguiron xuntalos e con frecuencia falan das súas cousas a través da internet.

Seguro que coñeces algunha persoa que tamén está fóra da terra e que quere formar parte desa comunidade de galegos no exterior. Se queres, podes darlle a información para que se faga membro do mapa de galegos no mundo e poida compartir experiencias. Axúdanos a completar o mapa.

Texto adaptado de *La Voz de Galicia*

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como está? ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? 	

2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	

3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A quen vai dirixido o mapa de galegos no mundo? ▪ Que se pretende conseguir con esta iniciativa? ▪ Recorda a que países emigraron máis os galegos? 	

4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

<p>OPCIÓN A</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Parécelle útil este tipo de iniciativa? Por que? ▪ Pensa que pode ter vantaxes formar parte do mapa de galegos no mundo? Cales? E algunha desvantaxe? ▪ Cre que pode ter moitos usuarios?
--

- Que tipo de xente pensa que pode facer uso desa rede de galegos?
- Que forma prefire vostede para contactar cos amigos ou a familia que están lonxe (o teléfono, as cartas, as mensaxes electrónicas, o *skype*...)? Cal é a forma máis cómoda e rápida? E a que menos lle gusta?

OPCIÓN B

- Vostede estivo vivindo fóra de Galicia? Conte a súa experiencia. (*En caso de resposta negativa*: Dos seus coñecidos algún vive ou viviu fóra de Galicia? Onde? Que sabe da súa experiencia?)
- Vostede pensou vivir fóra de Galicia? Por que? A onde iría?
- Que cre vostede que botan de menos os galegos cando están fóra? Por que?
- Pensa que vai participar moita xente nesta iniciativa? Por que?
- Que forma prefire vostede para contactar cos amigos ou a familia que están lonxe (o teléfono, as cartas, as mensaxes electrónicas, o *skype*...)? Cal é a forma máis cómoda e rápida? E a que menos lle gusta?

OPCIÓN C

- Houbo emigración no lugar onde naceu?
- Cales foron os lugares preferidos da emigración?
- Sabe se hai algunha comunidade do seu país neses lugares?
- Coñece algún proxecto semellante ao mapa de galegos no seu lugar de orixe?
- Que forma prefire vostede para contactar cos amigos ou a familia que están lonxe (o teléfono, as cartas, as mensaxes electrónicas, o *skype*...)? Cal é a forma máis cómoda e rápida? E a que menos lle gusta?